

ARTE PRERROMÁNICA



NOVA REALIDADE “MUNDO MEDIEVAL”

A FRAGMENTACIÓN DO MUNDO CLÁSICO

Bizantinos, Bárbaros e Musulmáns

Da unidade romana que tiña o seu eixe no Mediterráneo xurdiron dous mundos, e tan só dous séculos despois xurdíu outra civilización que se estendeu polos territorios do imperio romano: o mundo musulmán. Con el, tres ideoloxías distintas se instalaron no Mediterráneo, que actuaba como “límite común” pero tamén “elemento de unión e de relación” entre os 3 MUNDOS.



Na metade Occidental de Europa, a arte evoluciona dunha maneira singular. A irrupción dos pobos bárbaros e o extraordinario peso da Igrexa católica irán derivando as novas obras cara **a unha expresión artística marcada pola importancia da pegada espiritual e as referencias de lonxe ó lonxe da tradición clásica**. Ó primeiro tratarase dunha arte de formas dispersas nunha Europa dividida, para ir acadando un grao de coincidencia internacional que dará lugar ós dous movementos artísticos cristiáns do mundo medieval: o Románico e o Gótico.

ALTA IDADE MEDIA “Os períodos do prerrománico”

século V os pobos situados na fronteira norte, aos que os romanos denominaban bárbaros, invaden o Imperio

Invasiones bárbaras

El mapa muestra las invasiones de los bárbaros en el Imperio Romano y los Estados que le sucedieron.



A caída do Imperio romano de occidente e a conseguinte invasión dos pobos bárbaros, non supuxo nin moito menos unha ruptura drástica entre ambas etapas. Os pobos xermánicos precipitáronse sobre as ruínas da vella Roma, como herdeiros das súas institucións e a súa cultura, e en realidade como continuadores dunha situación social e económica que viña arrastrándose desde a crise do S. III.

Por iso cando se fala da **Alta Idade Media**, e da Época das invasións, hai que insistir en que *moitos dos elementos que caracterizaban o Baixo Imperio seguen presentes*. No ámbito artístico tamén. *Sen embargo hai dous fenómenos que son os que introducen as diferenzas que permiten distinguir ambos periodos*: por unha banda a propia **ACHEGA DOS POBOS XERMÁNICOS**, e por outra o considerable **PESO DA IGREXA** en todos os ámbitos, e tamén no cultural e artístico.

Sen o Estado Romano o Cristianismo é a única estrutura ante o caos. Él será ponte entre a civilización clásica e a nova xermánica

A invasión dos **pobos bárbaros** supón en primeiro lugar un **proceso de rexionalización**, que vai a disgregar en numerosas contornas as creacións de cada pobo. Por outra banda, aínda que herdeiros das tradicións constructivas e artísticas romanas, os pobos Xermánicos traducen os modelos romanos coas súas **técnicas** ás veces **deficientes**, e interprétanos sempre con **influencias autóctonas** e cunha inevitable tentación pola **simplificación** e a **esquemmatización**, consecuencia tamén da súa precariedade económica e a súa necesaria economía de medios.

Por encima no entanto, desta **atomización da arte** da época, que de feito dará lugar a diferentes expresións artísticas en cada nova nacionalidade, está o **poder da Igrexa, amalgamando** nun sentido unitario todas estas artes. É precisamente o **sentimento relixioso** o que outorga un sentido homoxéneo a toda a arte medieval, aínda que agora habería que engadir o protagonismo que adquire esta Institución no plano cultural. A igrexa impón unha política cultural e artística, a Igrexa asume o **papel formativo e divulgativo** na sociedade, e é a Igrexa a que asume o liderado no **mecenazgo artístico**, ao ser un poder real que economicamente podía permitirlo e ao atopar na arte un inmejorable elemento propagandístico.



Con posterioridade, a Historia de Europa contará con diversos **intentos de unificación territorial** e política, que en moitas ocasións pretendían con nostalgia recuperar a grandeza do imperio romano. Entre os máis significados, o intento de Carlomagno, que no tránsito dos séculos VIII ao IX consegue unificar no **Imperio carolingio** boa parte dos actuais territorios de Francia, Alemaña e norte de Italia. Pero en apenas dúas xeracións o Imperio carolingio haberase desmembrado.

Un segundo intento unificador prodúcese coa dinastía alemá dos Otones que unifican baixo a súa autoridade toda Europa central no S. X, dando lugar ao Sacro Imperio Romano Germánico.


A historia da *Península Ibérica* non discorre de forma paralela á do resto de Europa

“realidade cambiante que dará orixe a tres manifestacións artísticas diferentes”



A invasión das terras da antiga Hispania romana polos pobos bárbaros (suevos, vándalos, alanos e **visigodos**) vai supoñer a paulatina dexeneración das formas romanas de construción e talla así como a incorporación de algunhas tradicións xermánicas, sobre todo no traballo dos metais. Nesta sociedade cristianizada e basicamente rural o dominio ideolóxico da igrexa medra.

O territorio da Península Ibérica pronto lle vai ser disputado aos monarcas visigodos polo cada vez máis poderoso imperio musulmán. Durante séculos, o territorio peninsular vai estar ocupado, compartido ou disputado, por cristiáns e musulmáns, convertido en **zona fronteiriza entre dúas das tres grandes civilizacións que comparten protagonismo na Idade Media**. A situación de fronteira que se produce na Península terá repercusións nas influencias e préstamos en canto a técnicas constructivas, tipoloxías ou temas artísticos.



A presenza musulmá desde o S. VIII e o consiguiente proceso de reconquista dará lugar á formación de reinos cristiáns no norte peninsular, o primeiro dos cales é o reino **astur**, que en ocasións conta con presenza de poboación procedente de Alandalus, chamada **mozárabe**, porque permaneceran fieis á súa relixión cristiá mentres estiveron en territorio musulmán. En Asturias precisamente desenvólvese nesas datas unha das mostras máis brillantes de expresión artística: o Románico asturiano

ARTE PRERROMÁNICA

DEFINICIÓN: termo “xenérico” no que se inscriben as múltiples manifestacións que se producen na Alta Idade Media, inmediatamente despois da caída do Imperio Romano e con anterioridade a que se poida falar de “arte románica”.

CRONOLOXÍA, entre o **século V** -invasión dos pobos xermánicos-, e **s. X** -etapa en que estes pobos se consolidan como nacións independentes e se inicia a arte Románica-.

LOCALIZACIÓN, disgregación estilística e espacial

É unha arte do medio rural e disgregada en múltiples reinos independentes que achegarán o seu selo autonómico, ate o punto de que se poden distinguir estilos moi diferentes como: arte *merovinxia e carolinxia* (Galia), arte *lombarda* (Italia), *visigoda*, *astur*, *mozárabe* (P. Ibérica)...

Cada unha das zonas do imperio romano, afastada das demais, evoluciona de forma autóctona, a partir da fusión entre: **herdanza clásica + cristianismo+ culturas xermánicas**

Segundo fose o grao de romanización de cada territorio, así foi a intensidade da herdanza romana nas manifestacións prerrománicas. Marcadas polos recursos e modelos clásicos, pero que agora se interpretan baixo a influencia decisiva da igrexa e con solucións moito máis modestas e sinxelas.

Hai que diferenciar o que sucedeu :

Na ARQUITECTURA “inseguridade técnica, mestura de elementos dispares...” (os pobos bárbaros non trouxeron consigo tradición constructiva ningunha)

Na ESCULTURA “pobre e escasa” (perda de relación técnica coa metrópole...)

Primeiro Prerromânico “baleiro artístico”

Nos primeiros séculos “período de insegurança...de incerteza política e social”
(poucas ou moi escasas obras de arte).



ESCULTURA “degradación técnica”

(que afunde as súas raíces no esquecemento técnico sufrido a partir do baixo imperio)

ARA PACIS século I a.c.



estética “bárbara”

(ausencia de figuración)



Século IV d.c.



S. VIII



*Cando os pobos invasores se asentaron definitivamente, xurdíu o **“prerrománico pleno”**.
 A partir do século VII se pode falar dun renacemento da arte en Europa occidental.
 Este fenómeno foi particularmente acusado na **Galia**, no **norte de Italia** e na **Península Ibérica**.*

ARTE PRERROMÁNICA NA PENÍNSULA IBÉRICA

Etapas:

Arte visigoda
mozárabe



VIII

Arte asturiana



s IX – X

Arte



ulos X -

**Santa Comba de Bande
Celanova**

Santa Maria do Naranco

San Miguel de


1. ARTE VISIGODA

Séculos V – VIII

Os visigodos -pobo moi romanizado- instaláronse na Península Ibérica no século V e tras vencer aos suevos en tempos de Leovixildo anexionaron o seu territorio (a antiga Gallaecia) completando así a unificación territorial do seu reino. Dominaron toda a península, pero só poboaron a Meseta, establecendo a capital en Toledo. No século VI, con Recaredo, convértese ao cristianismo, polo que a súa arte será basicamente relixiosa.

Estamos ante manifestacións principalmente arquitectónicas e de ourivería.
Todo acabou no 711 coa invasión musulmá,
Sociedade rural e pechada.


s. V e VI sin un estilo definido nin unidade política. Poucos restos.



Dende a conversión de Recaredo en 587, **s. VI** resoltos os problemas de integración relixiosa e xurídica, xa hai obras importantes

Arquitectura visigoda:

- Arquitectura relixiosa (igrexas). **Edifícios pequenos**, intimistas, austeros...situados en **zonas rurais e illadas**.
- Plantas variadas: cruciformes, basilicais e centralizadas. 1 ou 3 naves.
- **Espazos fragmentados, compartimentados (adaptación á liturxia). O exterior traduce a distribución interior e presenta poucos vans.**
- Cabeceiras rectangulares. **A ábsida faise cadrada.**
- Pórticos avanzados, nas entradas
- Muros con **grandes cantarías**, regulares e talladas
- Cubertas interiores: bóvedas de canón e de aresta.
- Columnas corintias reutilizadas e bizantinas con cimacio.
- **Arco de ferradura** visigodo: peraltado $\frac{1}{3}$ do radio, con 2 doelas na clave e arranque recto no extradorso.
- Decoración: franxas decorativas mesturando elementos visigodos xeométricos e vexetais e simboloxía cristiá



Inseguridade, precariedade técnica...
Arquitectura aínda sen consolidar, balbucinte
(variedade de plantas, cubertas, soportes)

ARCOS DE HERRADURA

Estudio comparativo del arco de herradura visigodo e islámico





Figura 550:



Potentes y larguissimos cimacios de la iglesia de San Pedro de Balsemao, Portugal.

Arco de ferradura visigodo

SANTA COMBA DE BANDE

Clasificación:


Nome: Pequena igrexa galega en honor de Santa Columba, Ourense

Autor: Descoñecido

Cronoloxía: a arte visigoda exténdese entre os séculos V e VIII (data aproximada de construción ano 675)



Estilo: arquitectura prerrománica española, estilo visigodo





Planta : magnificamente conservada e con lixeiras modificacións respecto do seu deseño orixinal, a igrexa ten planta de cruz grega inscrita nun cadrado, á que se engadían unha ábsida no costado oriental (cabeceira) e un pórtico no occidental (pés), practicamente simétricos.

Na súa orixe a planta cruciforme estaría inscrita nun rectángulo, do que hoxe só conservamos o baseamento formado por 6 celdas que deberon ocupar monxes eremitáns. A desaparición desas alcobas (consérvase só 1) que rodeaban a cruz, deixou a igrexa cun aspecto menos monumental, máis sinxela e rural.




Planta cruz de grega inscrita nun cadrado

Pórtico de entrada e **ábsida** fóra de planta

Interior: o interior é dunha gran sinxeleza e define con exactitude o espírito da arquitectura visigoda desa época. Trátase dunha construción abovedada coas seguintes partes:

As **naves** están cubertas por **bóvedas de canón construídas con ladrillo** do tipo romano e terminan no cadrado central en 4 **arcos de ferradura visigodos**. Ditos arcos cargan directamente sobre repisas decoradas, xúntanse de dous en dous en cada esquina de forma que só dous deles son completos, mentres que os outros dous arrancan enxarzados con aqueles.





Bóveda de arestas de ladrillo, no cruceiro

O **cruceiro** cóbrese con bóveda de arestas feita tamén con grandes ladrillos de tipo romano e arranca a partir de arcos de medio punto de doelas regulares. A bóveda ten unha altura que é aproximadamente o dobre da súa anchura e unha fiestra en cada un dos lados.






Cimacio-impostas



A ábsida, está separada do resto da igrexa por un arco de ferradura sen clave de doelas moi irregulares, que descarga sobre impostas-cimacios, decoradas en espiga ou en zig-zag que continúan ao longo dos muros e que se apoian cada unha en dous capiteis sobre pares de columnas colocadas paralelamente aos muros.

Cuberta por bóveda de canón. Encima da bóveda da ábsida había unha pequena cámara á que só se podía acceder por unha fiestra interior existente enriba do arco triunfal (o que será moi habitual na arquitectura asturiana posterior), actualmente ao terse rebaixado o tellado da ábsida, a fiestra quedou cara ao exterior.





Estas **columnas** pareadas, marmóreas e monolíticas adórnanse con capiteis corintios de bastos acantos, moi curtos ou pouco desenvolvidos. Dos catro capiteis, os dous máis próximos á cabeceira son da mesma época que a igrexa e dunha técnica moi pouco depurada, os dous que dan á nave son de estilo romano provincial, de tipo corintio dexenerado. As columnas son de mármore negro, posiblemente reutilizadas dalgunha construción romana da zona.



Elementos decorativos: a decoración é moi escasa, céntrase nos capiteis, cimacios e impostas. Unha imposta formada por un talo serpenteante con acios e follas percorre o comezo da bóveda da ábsida e bordea a fiestra que nela existe. Ademais, tanto nas naves como no cruceiro hai unhas fileiras de sogueado ou de cordón trenzado. Nos últimos anos restauráronse as pinturas da ábsida, engadidas a finais da Idade Media. Tamén é de destacar a celosía da fiestra de mármore da ábsida, formada por semicírculos que cabalgan uns sobre outros.



Exterior: en altura os volumes organizanse de modo xeráquico, cunhas dimensións regulares que dan lugar a un efecto proporcionado e harmónico. O aparello dos muros é, como toda a arquitectura desa época, a base de grandes **cantarías ben labradas**, aínda que non con total perfección, colocadas en fiadas horizontais que forman unha estrutura moi sólida como demostra o seu magnífico estado de conservación. Sobre o cruzamento das dúas naves levántase unha bóveda que no exterior destaca en altura cunha estrutura cadrada, cuberta por tellado a catro augas, cunha fiestra a cada lado. As naves están cobertas por tellados a dúas augas e o pórtico a unha auga.



Pénsase que os muros exteriores sufriron modificacións, debidas a ruínas parciais, ao engadido de tres compartimentos en cada costado e a posterior eliminación de cinco deles. Na actualidade existe ademais unha cámara no custado nordeste, con tellado plano continuación do da nave norte e tamén foi substituído o pórtico orixinal, por outro que ten un único tellado plano con dous arcos de medio punto. A espadana que se alza sobre o muro de fondo do pórtico de entrada, debe ser tamén un elemento estrano á construción primitiva.



Relación co entorno:

os escasos restos que se conservan da época visigoda están en sitios afastados, como é o caso de Sta. Comba de Bande.



Contido: esta igrexa, da que se sabe por un documento de Celanova que foi entregada a un tal Odoimo para que a reconstruíse no ano 872 mencionándoa como xa existente desde douscentos anos antes, o que nos dá como data aproximada de construción o ano 675, é posiblemente o resto máis importante que aínda se conserva para poder estudar a arquitectura visigoda do século VII. Formou parte dun conxunto monástico integrado por varios edificios, hoxe inexistentes. Foi declarada Monumento Nacional por Real Decreto de 11 de Agosto de 1921.

En conclusión, pequena igrexa de ámbito rural mostra da arquitectura hispanovisigoda do século VII, con muros de perpiaños, bóvedas, capiteis corintios de tradición romana e troncopiramidais de tradición bizantina. Mostra arcos de ferradura característicos e unha decoración de tipo xeométrico, de tradición xermánica, localizada nas impostas. Presenta unha gran compartimentación do espazo interior que se manifesta ao exterior mediante volumes a diferente altura.

2. Arte asturiana

Séculos IX – X

Xorde no núcleo de cristiáns hispano-visigodos que se refuxiaron nas montañas do norte trala invasión árabe


Se produce o desexo de rememorar as glorias do reino visigodo de Toledo, do que se consideraban herdeiros. O rei, Alfonso II (791-842), estableceu a capital en Oviedo, e desenvólvese por parte da monarquía unha **arte aúlica**, para reforzar o seu prestixio. El cristianismo é unha bandera contra o Islam e a construción de igrexas a súa materialización, **relixiosidade combativa**.

Estilo moi vinculado á realeza . Etapa destacada foi a do rei Ramiro I , 842-850.



Arquitectura asturiana:

- Os edificios do prerrománico asturiano teñen unha **altura considerable**, ademais de que ao ser edificios “estilizados” aumenta aínda máis esa sensación (ascensionalidade e verticalidade). Para logralo empregaron técnicas arquitectónicas innovadoras na súa época, **é anticipo do románico**.
- A construción mestura a rusticidade co refinamento. Materiais pobres, condicionados pola zona: cahotaría (resérvase a pedra de cantaría para as partes nobres do edificio).
- Combina influencias artísticas doutras culturas “romana, visigoda, carolinxia, bizantina e, máis tardiamente, mozárabes” (ausencia de influencia musulmá) para chegar a crear un estilo artístico orixinal e propio.
- No que fai as súas características sobresaíntes, o que máis sorprende desta arquitectura pola súa proximidade ó románico son as **logradas proporcións**, a **variedade de soportes**, a cubrición case xeneralizada de **bóvedas**, e a súa **riqueza ornamental**.



Bóveda de medio cañón reforzada por arcos fajones



Ao igual que os visigodos tomaron como punto de partida a tradición romana, pero nesta ocasión desenvolveron unha arte mais consolidada, que mostraba o asentamento da sociedade, e que deu como resultado un estilo perfectamente definido, uniforme, cun sistema constructivo organizado e empregado nos diferentes edificios con mínimas variacións.

SANTA MARIA DO NARANCO

Clasificación:


Nome: Santa Maria do Naranco

Cronoloxía: foi rematada no ano 848 (século IX)

Estilo: Prerrómanico asturiano, s. VIII-X



Autor: descoñecido. Comitente: Ramiro I

Emprazamento: nas proximidades de Oviedo (Asturias), na ladeira do Monte Naranco






Planta: Santa María do Naranco é un edificio de planta rectangular de 20 m. x 6 m. que se eleva sobre un alto zócolo ou podium, que serve para compensar as irregularidades do terreo e que constitúe unha influencia da arte tardorromana. A planta ten dous pisos, o superior, coñecido como **planta nobre** e o inferior ou **cripta**.



A PLANTA INFERIOR (CRIPTA) ESTÁ DIVIDIDA EN TRES ESTANCIAS:


A **central**, máis ampla e de planta rectangular, está cuberta con bóveda de canón de pedra toba con reforzo de catro arcos de faixa que parten dun zócolo ou banco baixo que percorre todo o seu perímetro. Esta estancia estaría dedicada a oratorio palatino, aínda que tamén se lle cita como cripta. Dispón de dúas portas, unha a cada lado da nave e non ten fiestras, polo que a iluminación é a que entra polas súas portas.




As dúas estancias laterais teñen cuberta de madeira:

A **estancia situada ao oeste** está illada da sala central, ilumínase por catro pequenas fiestras con arcos de medio punto e só ten acceso a través dunha porta desde o exterior situada na fachada oeste. Descoñécese o uso desta habitación.

A outra **estancia situada no lado leste**, ten acceso desde a central a través dunha escaleira de tres chanzos ou por unha pequena porta de arco de medio punto situada na fachada lateral, xa que a estancia se sitúa nun plano inferior ao resto da planta (está por baixo do nivel do chan). O pavimento está lousado e había unha canle para conducir a auga polo que non é de estrañar que tivese unha función asociada cun baño real, cisterna ou *caldarium*. A sala dispón de varias fiestras, tres delas situadas na fachada leste e debaixo do miradoiro







A PLANTA SUPERIOR, NOBRE, SALÓN REAL OU AULA REXIA

Accédese a ela ao través dunha escaleira exterior de dobre derrame situada no lado norte do edificio. A escaleira desemboca nun pequeno pórtico con tres dos seus lados abertos ao exterior, cuberto por tellado dunha só vertente e dispón de dous altos contrafortes. No lado contr



A súa planta rectangular segue o mesmo deseño ca planta inferior e dispón de dous amplos **miradoiros** situados nas fachadas leste e oeste



Os **miradoiros** ou **belvederes** constitúen unha novidade tendo en conta que os tempos cara aos que se vai estarán marcados polo hermetismo e a opacidade. Estes miradoiros teñen un precedente nas vilas e palacios tardoimperiais e supoñen unha relación entre o espazo interior e o exterior. En ambos se abre un van trixeminado empregando columnas con capiteis de tradición corintia sobre os que descansan **arcos de medio punto peraltados** (aqueles que a súa frecha é maior que a semiluz) e con clave en forma de tau; nas fachadas laterais ábrese un van en cada unha delas de iguais características. No miradoiro oriental consérvase un ara ou altar.






Sobre os **vans trixeminados** pode observarse outro van das mesmas características pero de menores proporcións, descoñécese a súa función, é a chamada *cámara do tesouro*, trátase dun espazo ao que só se ten acceso desde o exterior e que aínda hoxe en día non se sabe que función tiña, e que se manifesta desde fóra pola existencia dunha fiestra tripartita pechada en parte con celosías de pedra constituíndo un elemento moi característico da arte asturiana



Este piso superior é unha gran sala rectangular, o dobre de alta que a súa homologa da planta inferior, cuberta con **bóveda de canón** reforzada por **sete arcos de faixa** ou perpiaños que no interior trasladan os seus empuxes ás ménsulas que descansan nunha liña de imposta que percorre toda a base da bóveda e, no exterior, a cada un dos **oito contrafortes** que percorren a fachada tanto norte como sur. O material de está bóveda, que se repite nos miradoiros, é a toba calcárea, necesítase unha pedra que facilite abovedar un espazo xerando o menor peso posible. A incorporación do arco de faixa será un adianto tendo en conta que en caso de afundimento ou derrube da bóveda sería máis fácil a reconstrución



Por baixo da liña de impostas, un conxunto de **arquerías cegas de arcos de medio punto** lixeiramente peraltados, con clave en *tau* e de dimensións lixeiramente decrecentes cara aos extremos, percorren o perímetro da sala reforzando o muro. A sala dispón de ata un total de sete arcos cegos en cada un dos seus lados maiores. Esta arquería cega é soportada por **pares de columnas xeminadas** con fustes sogueados e capiteis troncopiramidais invertidos. As columnas, á súa vez, levántanse sobre unha pequena base prismática e sobre un pequeno zócolo que percorre o muro.. Doutra banda esta técnica construtiva non está exenta dun certo refinamiento óptico e luxo.





Elementos decorativos:

a decoración está realizada en baixorrelevos situados nas enxugas e nos capiteis:

Nas enxugas, decoradas con **bandas rectangulares** e medallóns.



Medallóns, situados baixo as bandas como elementos decorativos. Os entrelazos decoran os círculos así como a coroa circular, quedando a superficie circular interior para representar animais afrontados, animais alados e vexetais. Os medallóns áchanse decorados no seu interior con temas de orixe oriental formados por aves e cuadrúpedos afrontados e xinetes en actitude de combate

Bandas rectangulares, escenas figurativas enmarcadas por sogueado


Poden estar repartidas en 2 rexistros:
baixo arquiños representacións humanas coas mans sobre a cabeza que parecen soste fardos ou a bagaxe dos cabaleiros polo que ben puidesen ser identificados cos *laboratores*, pero pode que o obxecto sobre a cabeza que están suxeitando coas mans sexa a coroa de santidad e xa que logo poden identificarse cos *oratores*, os que rezan polo pobo cristián. Os *bellatores* son as figuras representadas dacabalo, con casco e lanza, a aristocracia que ten por misión a defensa do pobo cristián



Nos capiteis, aparecen en dous rexistros animais de maiores dimensións -félidos- e outros máis pequenos -cánidos- A figura humana, en posición frontal, traxe talar (longo) e caxato pode representar ao Bo Pastor, os félidos o perigo que ameaza ao rabaño e os cánidos os guías e auxiliares daquel. O labor de **sogueado** cumpre nestes relevos, do mesmo xeito que en toda a plástica asturiana, un importante labor de enmarque.



Fonte de inspiración da decoración: esta disposición en forma de bandas está inspirada nos bordados dos tecidos orientais que chegan de Antioquia, Alexandría e Constantinopla e moi apreciados nos ambientes reais. A presenza de animais afrontados está relacionada coa heráldica






Exterior: a cuberta é a dúas augas en todo o edificio. Os muros están traballados con **cantarías irregulares** de areniscas e pedra calcaria. En cada unha das súas fachadas laterais álzanse oito **altos contrafortes estriados** (catro a cada lado da porta), que se elevan desde o zócolo ata a cornixa, e que lle proporciona unha **sensación de verticalidade** admirable.


Historia

Edificio mandado construír polo rei Ramiro I de Asturias (842-850) nas ladeiras do Monte Naranco como **edificio palatino**. Moi preto tamén mandou construír a Igrexa de San Miguel de Lillo. Ambas construcións formarían parte dun amplo complexo palatino dese rei, como lugar de descanso e recreo, non como sede permanente da Corte. Trataríase entre outras funcións, dun edificio dedicado a **Aula Rexia ou Salón Real** onde se celebrarían algunhas actividades de goberno. Santa María do Naranco é un edificio de construción totalmente áulica, excepcional non só pola súa singularidade senón polo seu estado de conservación. A data de construción coñécese con exactitude, xa que na ara-altar existente no edificio, hai unha inscrición que nolo indica e que corresponde co 848 de nosa era (século IX). Parece ser que a pouco da súa construción, o palacio pasou a realizar funcións de igrexa, dedicándose á advocación de Santa María, de onde lle quedou o nome. Foi igrexa parroquial, dotada de espadana e casa reitoral que desapareceron afortunadamente para preservar o seu estado orixinal.



En conclusión, edificio elevado, esvelto e elegante, cun ritmo exterior marcado polos contrafortes e arcos de medio punto peraltados. Santa María do Naranco é un edificio enteiramente abovedado, tende á verticalidad o que debe entenderse que o arquitecto tiña coñecementos máis avanzados ca época anterior e sen abandonar o arco de medio punto inventa o arco peraltado; esta tendencia a construír edificios elevados manterase no período seguinte. **Algunhas das súas solucións construtivas e decorativas** como as bóvedas de canón, os arcos de faixa, os contrafortes exteriores e o supeditar a decoración escultórica á arquitectura, **supoñen un claro anticipo do románico.**





3. *Arte mozárabe ou de repoboación*

Séculos X – XI

Mozárabes: cristiáns que vivían en territorio musulmán. No s. X fuxiron da dominación musulmá e se refuxiaron ao norte do Douro.

A poboación que resistiu a invasión islámica e creou a arte asturiana ensanchou as súas fronteiras e se estendeu cara ao sur chegando a formar o reino astur-leonés.

Moitos mozárabes, tras un edicto de Alfonso III no ano 876, decidiron abandonar as zonas de dominio musulmán e repoboar as novas zonas reconquistadas.


Entre estes novos repoboadores había nobres e monxes.

Con esta época se corresponde a realización de pequenos edificios rurais con función monástica. Nestas construcións **mestúranse influencias cristiás e musulmás**, “*arquitectura fronteiriza*”.

O **illamento** foi unha das características da súa arte; os seus restos construtivos atópanse sempre en lugares afastados dos núcleos de poboación.

Arquitectura mozárabe:

- **Variedade de plantas** pero mantén a planta de cruz (símbolo cristián).
- Acceso por porta lateral apenas destacada.
- Muros reforzados por contrafortes exteriores moi potentes
- **Arco de ferradura califal**, máis cerrado co visigodo e recadrado polo **alfiz**
- **Cúpula gallonada** nas ábsidas (influencia das mesquitas).
- Materiais: pedra de cachotaría irregular no muro e de cantaría nos arcos.
- Modillóns. Evolución dos canecillos cara a grandes modillóns lobulados que soportan beirados moi pronunciados.
- Planta das ábsidas en forma de arco de ferradura no interior e rectangular no exterior
- **Iluminación** interior se consigue a través de vans colocados de forma irregular: zonas de penumbra e zonas iluminadas, que contribúe ó “**carácter misterioso** da liturxia cristiá medieval”.



A concepción espacial da arte musulmá está fortemente presente

SAN MIGUEL DE CELANOVA

Clasificación:

Nome: capela de San Miguel de Celanova

Cronoloxía: construíuse en torno aos anos **937/940**

Estilo: Prerrómanico mozárabe

Autor: descoñecido.

Comitente: San Rosendo de Dumio

Emprazamento: situada no xardín do noviciado do mosteiro de Celanova




Dimensións e proporcións

(8'5 x 3'85 x 6 m.)


Trátase da igrexa mozárabe de menor tamaño que coñecemos

Modificado de "La España Románica" (Ed. Encuentro)





Planta

A planta consta de tres corpos aliñados: un vestíbulo ou nave, un corpo central ou cruceiro e o terceiro corpo ou ábsida.



O vestíbulo: nave con entrada lateral, presenta contrafortes prismáticos, tellado a dúas augas con cornixa saínte e ventaíña con arco de ferradura. O interior está cuberto por bóveda de canón de ferradura e un arco tamén de ferradura dá acceso ao segundo corpo.



O corpo central de planta cadrada que sobresaia ao exterior en forma de cruceiro. O feito de que a nave central sexa sensiblemente máis ancha que a ábsida e o vestíbulo confírelle unha certa sensación de igrexa cruciforme, ao estilo de Santa Comba de Bande, distante só 16 km de Celanova.




Posúe contrafortes prismáticos, ventaiñas en cada un dos seus lados e tellado a catro augas.




Chama poderosamente a atención a amplitude do voadizo a base de anchas laxas de granito sustentadas por belos **modillóns** de oito rolos, decorados con rodas de radios curvos e rosetas de seis pétalos. Esta estética oriental acentúase no interior cuberto por bóveda de ladrillo de arestas sobre arcos murais laterais de ferradura apoiados en modillóns lobulados.






A **ábsida** presenta ao exterior tellado a dúas augas sobre cornixa denticulada, ventaiña centrada no muro e planta cadrada. O interior, ao que se accede por un arco de ferradura prolongada ata $2/3$ do radio e enmarcado por un alfiz moldurado, ten planta case circular de 1.35 m. de diámetro e se cobre con cúpula gallonada. Este pequenísimo espazo compón un minúsculo lugar sagrado que recorda o *mirhab* dunha mesquita. A ambos lados do altar existen dous nichos con uso litúrxico.



Ábsida: bóveda gallonada



Cruceiro: bóveda de arestas



Teitos:

O que confire a esta pequena capela unha importancia especial no estudo da arquitectura mozárabe, é o feito de que na cobertura de cada un dos tres corpos, os tres abovedados, utilizáronse sistemas diferentes, o que a converte nun auténtico mostrario dos métodos de abovedamento utilizados nesa época.

A cámara principal cóbrese cunha bóveda de arestas en ladrillo, sostida por arcos peraltados que parten dunhas ménsulas de rolos, que se eleva o suficiente como para que poidan abrirse nos seus muros catro fiestras a gran altura, que proporcionan unha excelente iluminación a todo o interior do oratorio.

A bóveda da entrada é de canón en forma de ferradura apoiada sobre unha moldura de arranque.

A ábsida está cuberta por unha bóveda gallonada formada pola intersección de oito plementos esféricos xa que, aínda que a súa forma exterior é un cadrado, a interior forma unha ferradura moi pechada, de 1.35 m. de radio que, polo seu pequeno tamaño, recorda máis a un mihrab árabe ca unha ábsida cristiá, como xa se comentou.

Exterior: posúe un fermoso aparello de grandes bloques desiguais de granito galego, herdanza da tradición romana e claridade de volumes exteriores que traducen a compartimentación do interior. Construído en **magnífica pedra de cantaría** na tradición da mellor arte visigodo do século VII, San Miguel dispón dunha única porta ao exterior, alintelada e situada, como é moi habitual nas igrexas mozárabes, no custado sur, aínda que neste caso non está no centro da igrexa, senón no vestíbulo, e de seis **fiestras, todas elas moi estreitas, abucinadas**, e terminadas en arcos de ferradura, que están situadas unha na ábsida, outra na entrada e as outras catro na parte superior de cada muro da cámara principal.





A cámara principal está cuberta por un tellado a catro augas que termina nun gran beirado formado por grandes laxas de granito soportadas por amplos modillóns de pedra, decorados cunha labra de oito e nalgúns casos ata dez lóbulos ou rolos, tipicamente mozárabe, e apoiados nun reborde horizontal que percorre os catro muros, de forma que o tellado forma un gran saedizo que produce unha maior sensación de gracilidade. No segundo modillón do custado norte pódese observar a talla dunha figura humana, único caso deste tipo na Arte Mozárabe.



Modillóns de rolos

Outro detalle a destacar é a existencia de catro **contrafortes**, semellantes aos existentes nas construcións asturianas anteriores, dous nos costados da nave central e outros dous nos da entrada, cuxo obxectivo puido ser aumentar a sensación de verticalidade, xa que non parecen necesarios por motivos estruturais.




O resultado final é que neste pequeno edificio, de menos de 22 m², podemos comprobar a relación entre a arte visigoda e a arte mozárabe, eclecticismo que permite aos construtores utilizar segundo o seu propio criterio en cada edificio os elementos artísticos ou técnicos coñecidos en cada momento, sen ter que aterse a normas prefijadas, o que xerará unha liberdade de creación que consideramos como a característica máis significativa destes dous períodos da arte altomedieval español

Historia: a capela de San Miguel de Celanova foi edificada no século X, cara ao ano 940, por San Rosendo de Dumio en memoria do seu irmán Froila. Parece ser que na súa orixe foi un *hospitiolum*, pequena hospedería de peregrinos destinado a servir de aloxamento a monxes alleos ao mosteiro que estivesen de paso nel. Situada no recinto do antigo xardín do Mosteiro de San Salvador de Celanova, trátase do único vestixio arquitectónico da construción orixinal do conxunto monástico fundado por San Rosendo. Esta pequena igrexa ilustra a integración da tradición construtiva romana coas formas chegadas do mundo musulmán, converténdose así nunha xoia extraordinaria da arte mozárabe.

O pequeno oratorio mantívose intacto durante máis dun milenio dentro do gran mosteiro galego e é o único vestixio da época en que o rexentaba San Rosendo, cuxa nobre familia tivo un gran número de "servus mourarum", algúns dos cales exerceron distintos oficios en Celanova e chegaron a integrarse na comunidade monástica.

Finalmente facer referencia á proximidade dunha rocha, vinculada con rituais precristiáns e que pasou a formar parte dos cerimoniais da Semana Santa. Ten escaleiras e varios lementos tallados na pedra.



En **conclusión**, San Miguel de Celanova mostra unha arquitectura monástica con diversidade de elementos construtivos que proceden tanto da herencia visigoda como da arte hispano-musulmá.

En San Miguel de Celanova atopamos detalles da arte asturiana como os contrafortes e as técnicas de cobertura, pero quizá o que máis chame a atención é a estética árabe en todo o edificio: as bóvedas e os arcos de ferradura con alfiz, o beirado sobre modillóns, a pequena ábsida e o tratamento da luz en base a fiestras estreitas con